

## MANIFESTO DE ZARAGOZA CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA (2003)

As xornadas sobre vivenda e contaminación electromagnética que se celebraron en Zaragoza os días 10 e 11 de maio do 2003, no Paraninfo da Universidade, **nas que participaron delegados de coordinadoras veciñais e asociacións de afectados de 18 cidades españolas, enxeñeiros, sociólogos, arquitectos, avogados e físicos, expertos todos eles en contaminación electromagnética**, concluíron cun documento de consenso denominado como Manifesto de Zaragoza contra a contaminación electromagnética.



A Federación de Asociacións de Barrios de Zaragoza (FABZ), mostra a súa satisfacción polo desenvolvemento e o nivel alcanzado nos relatorios presentados por persoas de áreas científicas diversas, (faranse públicas en breve), así como a participación cidadá na formulación das súas preguntas e as súas dúbidas en relación cos prexuízos ocasionados pola contaminación electromagnética. Formulación Universal do problema dada a representación de todo o Estado Español.

A FABZ, quiere mostrar tamén o seu agradecemento polo esforzo realizado a todos os que se desprazaron deNde os diferentes puntos de España e especialmente ao Físico Dr. Stefan Spaarmann que veu desde Alemaña e que coa súa exposición tecnolóxica de progreso deixounos cunha mensaxe de esperanza para todos os cidadáns ao presentar un sistema tecnolóxico biocompatible e respectuoso co medio ambiente.

Os relatores e resto de integrantes da participación nas xornadas manifestamos:

**1) A nosa adhesión plena ao chamamento de Friburgo, realizado por IGUMED (asociación interdisciplinar para a medicina comunitaria), asinado ao día de hoxe por máis de mil especialistas e que conta coa adhesión de innumerables movementos cidadáns do mundo.**

**2) A nosa adhesión plena á declaración de Alcalá sobre contaminación electromagnética e saúde pública, xerada por un grupo de científicos españois no marco da Universidade de Alcalá de Henares e pola cal instase ao Goberno Español a aplicar o principio de precaución e a rebaixar máis os límites na exposición crónica das persoas aos campos electromagnéticos.**

**3) Considerar este manifesto cidadán como o segundo realizado en España tras o de Llagostera (asinado por máis de cen asociacións e plataformas veciñais), adheríndonos ao mesmo.**

**4) Sinalar as nosas achegas e as nosas reivindicacións no marco das presentes xornadas co obxectivo de alcanzar un alto nivel de protección sanitaria e ambiental.**

Este manifesto, fundamentalmente ten uns destinatarios concretos:

- A- Os poderes públicos
- B- As empresas operadoras
- C- A sociedade en xeral

## **A- Os poderes públicos.**

A limitación de radiación exposta polos operadores carece de fundamento e non respecta o principio de precaución, xa que logo esiximos:

- 1- Moratoria de adxudicación de novas licenzas.
- 2- Desmante de todas as antenas instaladas de forma ilegal.
- 3- Redución radical dos límites de emisión ata chegar a límites biocompatíbeis.
- 4- Subscrición de pólizas de responsabilidade civil ilimitada que cubran todos os riscos sanitarios para todas as actividades relacionadas cos campos electromagnéticos.
- 5- Elaboración de mapas de instalacións de antenas de telefonía, liñas de alta tensión e centros transformadores con fácil acceso á consulta pública.
- 6- Creación de rexistros municipais das persoas afectadas.
- 7- Creación dun servizo municipal de atención ás persoas afectadas.
- 8- Creación dun servizo sanitario multidisciplinar coa elaboración de estudos epidemiolóxicos.
- 9- Advertencias do risco que supón a utilización do teléfono móbil por parte dos cativos, adolescentes, mulleres embarazadas e persoas con problemas neurolóxicos.
- 10- Esiximos a presenza dos cidadáns naqueles foros nos que se tomen decisións que afectan á saúde, en particular cando se trata de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.
- 11- Esiximos a creación de espazos neutros, libres de radiación artificial.

## **B- Aos fabricantes de teléfonos móbiles e aos operadores de telefonía esiximos:**

- 1- Que subscriban seguros de responsabilidade civil ilimitada para cubrir os riscos sanitarios e económicos, entre eles a depreciación da vivenda.
- 2- Información veraz, clara e concisa aos cidadáns en canto ás radiacións dos teléfonos móbiles e en canto ás antenas de telefonía móbil.
- 3- A posta en funcionamento da tecnoloxía biocompatíbel.

## **C- En canto á sociedade en xeral**

- 1- Os cidadáns deben de ser conscientes do risco sanitario que se corre ao usar o teléfono móbil, pois o cerebro pode sufrir alteracións a partir de tres minutos de uso.
  - 2- O teléfono inalámbrico DECT, emite microondas na casa de forma permanente.
- Este manifesto queda aberto e é susceptible de ser enriquecido con todas aquelas achegas de boa vontade que subscriban os cidadáns, técnicos, enxeñeiros, médicos, biólogos, avogados, arquitectos, sociólogos, físicos, veterinarios, e todos aqueles científicos e profesionais de toda índole que teñan a vontade de deixar as cousas claras e non aumentar a confusión.

Versión galega (APDR) da orixinal en:

<http://www.fabz.org/modules/sections/index.php?op=viewarticle&artid=5&page=1>